

CONXUNCIÓN DE INTERESES PARA APROBAR A R.P.T.

Trala aprobación na última asemblea da nova R.P.T para o persoal funcionario da Universidade de Vigo, non podemos pasar por alto o acontecido durante o proceso previo á mesma así como o "esperpento" producido durante a súa celebración

Así nos atopamos que o proceso de negociación co Xerente, prodúcese dun xeito máis que peculiar, xa que o mesmo baseouse exclusivamente na negociación dunha proposta de R.P.T que só interesa á Xerencia e manobrando, por medio da CIG e coa compracencia da U.X.T, para que fose aprobada a toda costa polos nosos compañeiros baseándose en que é compatible coa presentada pola Xunta de Persoal. Como novidade máis destacada indicar que é a primeira vez que se negocia por partes a R.P.T e que a presentada só afecta aos Servizos Centrais e, o que é máis grave aínda, non se xustifica de ningún xeito a creación ou supresión das diferentes prazas que se prevén por medio de indicadores, datos obxectivos, informes etc., que poderían levar a comprensión da proposta polo noso colectivo.

En definitiva, o que se pretende arranxar son os atrancos puntuais que pode ter a Xerencia e non entra a regularizar a situación da máis que necesaria profesionalización das distintas oficinas, áreas, etc., así como a nova situación dos centros coa adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior. En definitiva non aborda a solución das carencia do noso cadro de persoal.

No medio desta situación prodúcese a súa aprobación pola asemblea cuns números máis que ridículos, xa que o documento foi rexeitado polos propios compañeiros afectados mais no cómputo global, grazas aos votos do Campus de Ourense, foron que de sacar a proposta adiante.

En vista de todo o acontecido CC OO solicita ao Sindicato maioritario na Xunta de Persoal que recapacite sobre esta situación el lle instamos a que dea un xiro radical na súa actuación sindical rexeitando a proposta de R.P.T do Sr. Xerente.

As presas por levar a asemblea todos estes asunto fainos pensar que tanto por parte da Xunta de Persoal como pola Xerencia existe unha especie de complot, argallado para aproveitarse da situación, uns para poder manter a paz social tan importante de cara ás eleccións vindeiras, e os outros para poder darse un último "Baño de multitudes" de cara as próximas eleccións sindicais.

Mais a glorificación esperada polo Sr. Presidente converteuse, debido a súa ineptitude, nun "tsunami" difícil de controlar xa que as propostas remitidas á asemblea non foron do agrado dos nosos compañeiros e a choiva de críticas foi tal que a única "ocorrência" do Sr. Presidente foi pasar con toda celeridade ás votacións finais, que nese momento era o máis importante, con tal malas mañas que produciu un caos total que mesmo o levaron á informar duns resultados que para a maioría dos presentes non respondían á realidade. Diante desta discrepancia, e ante o pedimento dunha nova votación, sen as loas da multitude, procedeu a rematar a asemblea. Iso si tendo conseguido o seu obxectivo que non era outro que aprobar a RPT do Sr. Xerente.